

PLAN DE IGUALDADE

CEIP P. A PEDRA

2023-24

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO:

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR:

1. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DO CENTRO
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN
 - 4.1 PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES
 - 4.2 PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO
 - 4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL
 - 4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:
 - 5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO
 - 5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES
 - 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.
 - 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.
6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.
7. ANEXOS

1. Introducción

O Plan de igualdade (ou plan coeducativo) é un documento a través do cal os centros educativos poden recoller as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTIfobia. Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos observouse un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta na convivencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e a resolución non pacífica dos mesmos entre os rapaces e as rapazas.

Co obxectivo de inverter esta tendencia, a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade dende o sistema educativo.

Neste plan se describen os obxectivos para o presente curso académico indicando medidas a desenvolver para a súa consecución, recursos previstos para o efecto, responsables e temporalización.

2. Contextualización normativa e do centro.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece como principio da educación, no seu artigo 1, “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, nos que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres”.

Este plan resulta de especial importancia, por iso a colaboración e o apoio do Departamento de Orientación para a súa aplicación é esencial, xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición da comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade. Ademais, tamén constitúen un recurso clave de apoio ao alumnado por prestar atención aos momentos de transición académica, guiándoo e asesorándoo na xestión da súa aprendizaxe e na súa traxectoria individual.

O Plan non se limita a un segmento da poboación encadrado na comunidade educativa, o seu obxectivo resulta moito máis ambicioso, xa que, sendo a educación unha das canles con máis importancia para a transmisión de valores, preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero, que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade para que esta lacra poida algún día desaparecer da nosa sociedade.

Polo tanto, no presente documento recolleranse actividades de formación que busquen mellorar e fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTIfobia no centro.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

A análise da situación do centro establécese como unha acción sensibilizadora en si mesma. Dita análise danos as pautas para propor melloras e determinar prioridades, establecendo puntos fortes e débiles e posibles actividades a desenvolver.

Unha das cuestións principais a analizar será a **linguaxe**. Se ben o uso da linguaxe non sexista sempre é polémico pola cantidade de reticencias amosadas, todas as persoas con formación en igualdade saben da súa importancia, e establécese como o primeiro paso para traballala.

Para comezar, centrarémonos na linguaxe escrita do centro. Aquela que se poida analizar cunha simple observación dos letreiros expostos, as comunicacións internas, etc.

Nun segundo nivel de análise remitirémonos aos documentos oficiais, baseándonos no uso da linguaxe inclusiva na Programación Xeral Anual, Proxectos, Memorias, Informes, Plans...

O terceiro nivel ocúpao a oralidade, sendo este o máis difícil, posto que a linguaxe oral é moito máis dinámica ca escrita e ten menos posibilidade de revisión. Ademais, ao ser espontánea, ten máis probabilidade de erro.

Debido a isto, centraremos a nosa observación por unha banda no uso do rexistro formal por parte do profesorado, en reunións, claustros, actos públicos... E por outro lado no rexistro informal, nas comunicacións cotiás no centro e nas sesións de docencia. Tamén se terá en conta neste sentido ao persoal non docente, porque o Plan de Igualdade vai enfocado a toda a comunidade educativa.

A continuación procedemos a comentar as situacións de partida, as fortalezas e as debilidades do centro, para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero, facendo fincapé nas accións positivas que desenvolveremos para superalos:

- **Representación de profesorado nos distintos órganos de decisión:** neste caso prevalece a figura da muller nos órganos de goberno e no posto de dirección do centro.
- **Rexistro de condutas contrarias á convivencia:** aparecen máis homes ca mulleres nos rexistros de condutas e correspondentes correctoras. Para paliar esta situación estase a retomar o Programa de Mediación Escolar, que se paralizara por mor da pandemia.
- **Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias:** obsérvase que utilizan as pistas de fútbol e baloncesto máis nenos ca nenas. Por este motivo buscarase o fomento de xogos que impliquen equipos paritarios.

Cuestións internas

Fortalezas	Debilidades
<ul style="list-style-type: none">Existen actuacións para a igualdade no centro.	<ul style="list-style-type: none">A linguaxe inclusiva non está na totalidade dos documentos do centro.
<ul style="list-style-type: none">As actividades para conmemorar o día contra a violencia de xénero, día da muller...: realización de actos a nivel de centro, lecturas, cancións ou outras deseñadas polo profesorado.	<ul style="list-style-type: none">A falta de tempo e máis recursos xa elaborados por parte da administración para facilitar a labor dos mestres e mestras.
<ul style="list-style-type: none">Dende a Biblioteca téñense levado a cabo accións promotoras da igualdade.	<ul style="list-style-type: none">Non hai unha sección específica na biblioteca con perspectiva de xénero.
<ul style="list-style-type: none">O equipo directivo apoia e manifesta o seu compromiso na implantación de medidas.	<ul style="list-style-type: none">Este curso non participamos en ningún plan formativo en materia de igualdade.
<ul style="list-style-type: none">Utilízanse os recursos externos, como a colaboración co CIM nas actividades que ofertan.	<ul style="list-style-type: none">Non temos formada unha comisión permanente de igualdade representativa da comunidade educativa.

Cuestións externas

Oportunidades	Ameazas
<ul style="list-style-type: none">A traxectoria do centro en medidas de sensibilización levadas a cabo ata o momento fomenta o interese e implicación da comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none">Aínda que a normativa é clara na implantación das medidas, depende da voluntariedade do profesorado involucrase nas accións a levar a cabo, xa que a administración non asigna recursos específicos (humanos, materiais, temporais) ao desenvolvemento das accións.
<ul style="list-style-type: none">O profesorado está interesado na implementación do Plan de Igualdade no centro.	<ul style="list-style-type: none">A sobrecarga de funcións do profesorado (horas lectivas, nº de alumnado, calidade...) dificulta a asunción de novas responsabilidades. .
<ul style="list-style-type: none">Canalízanse as actuacións a través das coordinadoras de ciclos.	<ul style="list-style-type: none">A pouca formación en Igualdade por parte do profesorado.

4. Obxectivos coeducativos do plan de igualdade do centro:

- Promocionar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prever, detectar e intervir en casos de violencia de xénero.
- Promocionar o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Previr, detectar e intervir en casos de LGBTifobia.

5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:

5.1 Organización do centro.

- Favorecer a representación igualitaria entre xéneros nos órganos de decisión.
- Promover o nomeamento dunha persoa coordinadora do Plan de Igualdade (persoal docente) que pertenza ao Consello Escolar.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade, a través do plan de formación do profesorado ou das escolas de nais e pais.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, como pode ser na elaboración de documentación, comunicacións ás familias, carteis, etc.
- Colaborar con entidades externas na realización de actividades coeducativas: CIM, Plan director, entre outros.

5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Propor melloras dende os ciclos, coordinados pola CCP, nas programacións didácticas e na práctica docente dende unha perspectiva de xénero: incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os oficios asociados tradicionalmente aos homes, as desigualdades de xénero...
- Revisar o material didáctico empregado na aula (vídeos, imaxes, textos, audios...)
- Realizar actividades de información e sensibilización para toda a comunidade educativa.

5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Empregar as novas de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.

- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto pola igualdade de xénero.
- Realizar actividades que favorezan o benestar emocional na comunidade educativa.
- Visibilizar a diversidade sexual e de xénero.
- Levar a cabo metodoloxías activas, cooperativas e que promovan a inclusión.
- Fomentar a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Diseñar actividades de intervención social na comunidade educativa.

6. Seguimento e avaliación.

- A avaliación deste plan realizarase a través dos órganos colexiados do centro, e plasmarase na memoria final do centro.
- Realizarase un seguimento das actividades programadas para o alumnado, profesorado e familias.
- A finalidade da avaliación é permitir obter evidencias e valorar os avances coa maior obxectividade posible. Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir acadando os distintos obxectivos coeducativos.

7. ANEXOS

PROPOSTA DE MELLORA

Velaremos pra que a linguaxe e as imaxes empregadas nas comunicacións no centro non conteñan elementos discriminatorios e sexistas. Dende o centro facilitaremos a o uso dunha linguaxe axeitada e non sexista para evitar as diferenzas, tomando como base a educación inclusiva.

TÍTULO: PERSPECTIVA COEDUCATIVA DENDE A EDUCACIÓN IGUALITARIA.

DESCRICIÓN	Revisar e comprobar que en todos os documentos oficiais do centro (PE, PAT, PXA...) se contemplan obxectivos destinados ao desenvolvemento da igualdade de xénero.
OBXECTIVOS	<ul style="list-style-type: none">➤ Revisión da linguaxe non sexista na páxina web e redes sociais.➤ Revisión de documentos e da linguaxe que se utiliza no centro.➤ Consolidar unha linguaxe coeducativa escrita, en todas as comunicacións do centro (cartas, comunicados, cartelaría, boletíns...).
CONTIDOS	Uso non sexista da lingua. Nivel escrito e oral.
PERSOAS DESTINATARIAS	Toda a comunidade educativa.
METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS	Análise da documentación examinada. Taller de linguaxe inclusive
TEMPORALIZACIÓN	Todo o curso
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	Observación sistemática